



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO 11 DE NOVEMBRO DE 2021

### **1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00050757P.**

#### **Ratificación da urxencia da convocatoira.**

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

### **2. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2021/00049292S.**

#### **Expediente de modificación de crédito mediante suplemento de crédito co número 2021-SUPLE-06 de importe 422.587,52 euros, para completar a achega municipal ao proxecto SMARTIAGO, financiado con baixas por anulación.**

Acórdase, para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas; aprobar o expediente de suplemento de crédito co número 2021-SUPLE-06 con base ao contido do informe proposta e resto de documentación que forma parte do expediente, por un monto global de CATROCENTOS VINTE E DOUS MIL CINCOCENTOS OITENTA E SETE EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS DE EURO (422.587,82 euros) co obxectivo de dar cobertura de crédito que permita completar á achega municipal ao proxecto SMARTIAGO.

### **3. BIODIVERSIDADE E EDUCACIÓN AMBIENTAL. Referencia: Expte.**

#### **2021/00040734J (procedemento MT811A).**

#### **Aceptación das axudas convocadas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia e axudas para o ano 2021 destinadas ás Entidades Locais.**

Acórdase aceptar a axuda convocada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda obxecto da convocatoria por importe de **30.800 euros**.

### **4. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00022338V.**

#### **Aprobación do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación Cidade Vella para o ano 2021.**

Apróbase o texto do convenio e a concesión directa da subvención á Asociación Cultural Cidade Vella, por importe de **20.000 €**, para o fomento e financiación de actividades relacionadas coa música, a cultura e o patrimonio da cidade histórica, con imputación á aplicación orzamentaria 050 33400 4890006, conforme ao previsto no artigo 22.2.a da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e aprobación do gasto.

**5. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00022334J.**

**Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque.**

Apróbase o texto do convenio e da concesión directa da subvención á Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque, por importe de **20.000 €**, destinado ao fomento e financiación de actividades relacionadas coa música tradicional galega, con imputación á aplicación orzamentaria 050 33400 4890004, conforme ao previsto no artigo 22.2.a da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e aprobación do gasto.

**6. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00022328F.**

**Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela a Asociación Cultural Rocha Forte.**

Apróbase o texto do convenio e da concesión directa da subvención á Asociación Cultural Rocha Forte, por importe de **5.000 €**, para o fomento e financiación de distintas actividades (roteiros, visitas guiadas, presentación, exposicións, conferencias, etc.) con imputación á aplicación orzamentaria 050 33400 4890003, conforme ao previsto no artigo 22.2.a da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e aprobación do gasto.

**7. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00022326M.**

**Aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e os cursos universitarios internacionais de “Música en Compostela”.**

Apróbase o texto do convenio e da concesión directa da subvención a Cursos Universitarios de “Musica en Compostela”, por importe de **5.000 €**, con imputación á aplicación orzamentaria 050 33400 4890007, conforme ao previsto no artigo 22.2.a da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e aprobación do gasto.